



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto:** Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 12 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Partido Popular (PP) solicitando a incoación do correspondente procedemento sancionador contra D. Óscar Puente Santiago, Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, e contra D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, por unha posible infracción do artigo 50.2 LOREX (RE 228/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

### Antecedentes

1. O 9 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular presenta escrito (RE 228/2024), no que formaliza denuncia contra D. Óscar Puente Santiago, Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, e contra D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, por unha posible infracción do artigo 50 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), solicitando a admisión da denuncia e a incoación do correspondente procedemento sancionador derivado da viaxe experimental de proba do tren Talgo 106 o día 5 de xaneiro de 2024 e o posterior acto coa prensa no que participaron os denunciados para anunciar a chegada de novos trens de alta velocidade ata as cidades de Vigo e A Coruña a partir de marzo de 2024.

Fundamenta a súa petición, entre outras, coas seguintes manifestacións:

*“(...) O acto soamente puido ser organizado polo Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, posto que é imposible que Óscar Puente, noutra condición que non sexa a de Ministro, poida viaxar nun tren en probas, así como utilizar as instalacións da zona de plataformas da estación de ferrocarril para dar unha rolda de prensa e invitar a entrar a xornalistas ao interior do tren.*

*Así, non cabe amparar a súa actuación baixo o argumento de que o acto foi organizado polo PSdG-PSOE e non polos poderes públicos, porque nos atoparíamos ante un gravísimo fraude de lei.*

*Tanto o Ministro como o Alcalde de Vigo están utilizando os seus cargos políticos para facer campaña electoral e captar sufraxios para o partido político ao que pertencen, con anuncios de posta en funcionamento de servizos públicos e declaracións subxectivas facendo alardes de supostos logros co único fin de crear a cidadanía que existe unha boa xestión por parte do goberno do PSOE e que o voto dos electores debe ser ao partido político que os denunciados representan”.*

2. O 10 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles ao Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible e ao Alcalde de Vigo copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 464/2024 e RS 465/2024,



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

respectivamente), extremo que se comunicou á representante xeral do Partido Popular (RS 466/2024).

3. O 11 de xaneiro de 2024, os denunciados cumpriron o trámite concedido formulando alegacións (RE 244/2024, do Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, e RE 243/2024, do Alcalde de Vigo) motivando a conformidade do acto do que deriva a solicitude de incoación do procedemento sancionador co establecido no artigo 50 da LOREX, polo que solicitan o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

Así, entre as súas alegacións, o Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible sinala que a viaxe non foi un acto institucional, nin estaba incluído na súa axenda, nin foi organizado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e que a súa participación en dita viaxe non tivo por finalidade realizar unha promoción dos logros políticos do Goberno co ánimo de influír no proceso electoral en Galicia. Refire tamén que esta viaxe “...se enmarca en la programación de pruebas de fiabilidad conforme al contrato de suministro de los nuevos vehículos de la serie 106 entre Talgo y Renfe...”, que desde o Ministerio non se tivo ningún contacto previo cos medios de comunicación en relación a este acto e que as súas declaracións nos medios foron espontáneas e non responden a un discurso previamente preparado. En definitiva, segundo sinala “...el viaje experimental de pruebas realizado, así como las respuestas a las preguntas efectuadas por los medios tras el mismo, no pueden considerarse contrarios a lo establecido en el artículo 50 de la LOREG ni a la interpretación que del mismo ha realizado la JEC, al tratarse de acciones que proporcionan información de interés público que da cuenta de un hecho cierto como es la realización de un viaje experimental de pruebas de un tren para un servicio ferroviario.”

Pola súa parte, o Alcalde de Vigo, alude, entre outros aspectos, a que “... el acto no fue convocado por el Gobierno municipal...”, a que “...no se trataba de la inauguración de un nuevo servicio público sino de un viaje de pruebas y de la llegada de los Reyes Magos a la ciudad...”, e a que “...en el transcurso de dicho acto no se ha solicitado el voto para ninguna candidatura, ni se ha hecho otra cosa que destacar la importancia que tienen la llegada de un nuevo modelo de tren para reducir los tiempos de desplazamiento entre Vigo y Madrid.”

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.** O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral “calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos”. E o seu apartado 3, prohibe “calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras ou servizos podan entrar en funcionamento en dito período”.



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Segundo.** Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, no que aquí interesa, *“as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados”* [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

**Terceiro.** Segundo ten afirmado a Xunta Electoral Central a interpretación do artigo 50.2 da LOREX debe efectuarse *“a la luz de diferentes preceptos constitucionales; en este caso resultan singularmente claros los que se contienen en los art. 23.2 y 103.1 de la Constitución, en la medida en que imponen, respectivamente, el principio de igualdad en el ejercicio del derecho de sufragio pasivo (art. 23.2), y el principio de neutralidad de los poderes públicos (art. 103.1); en relación con esto último conviene tener presente que la jurisprudencia del Tribunal Supremo ha declarado reiteradamente que la neutralidad de los poderes públicos constituye uno de los instrumentos legalmente establecidos para hacer efectiva la igualdad que ha de ser observada en el sufragio, siendo además una de las específicas proyecciones que tiene el genérico mandato de objetividad que el artículo 103.1 de la Constitución proclama para la actuación de toda Administración Pública (Sentencias de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, de 28 de mayo de 2008, 11 de noviembre de 2009, 5 de noviembre de 2014 y 28 de abril de 2016). Y es que, en último término, la utilización de medios públicos institucionales vulnerando el principio de neutralidad comporta, a su vez la quiebra del principio de igualdad al que también se refiere el art. 8.1 de la LOREG”*.

**Cuarto.** As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas: *«El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

O inicio do período electoral *“no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvagarda del interés público o para o correcto desenvolvemento de los servicios públicos”* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil,



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Non obstante, cómpre recordar tamén que é doutrina reiterada da Xunta Electoral Central que non é posible que en actos financiados polos poderes públicos se realicen actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente. polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac.XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

**Quinto.** Neste caso, se ben non se cuestiona por esta Xunta Electoral a procedencia de que o Ministro se tivera desprazado á cidade de Vigo nun tren que circulaba a modo experimental no marco da programación dunhas probas de fiabilidade, como el mesmo defende nas súas alegacións, non se comparten en cambio, as argumentacións dos denunciados da ausencia do carácter institucional do acto que se desenvolveu con posterioridade á viaxe no andén da estación ferroviaria de Vigo e da ausencia do seu carácter electoralista.

A presenza conxunta nese acto das autoridades da Administración do Estado (Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible e Delegado do Goberno en Galicia), da Administración Local (Alcalde de Vigo) e dun dos candidatos á Presidencia da Xunta nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024 non pode reputarse casual, como tampouco pode ser casual a ampla presenza dos medios de comunicación. Ademais, o contido de varias declaracións efectuadas polo Ministro e polo Alcalde aos medios de comunicación que constan no expediente, evidencian eloxios aos logros obtidos en materia de infraestruturas e teñen indubidables connotacións electoralistas. O conxunto destas circunstancias determina unha violación dos principios de neutralidade dos poderes públicos e de igualdade entre os actores electorais que esixe a LOREX, e a vulneración en concreto do disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 50 da LOREX.

Por outra parte, resulta reseñable que o acto desenvolvido no citado andén, habida conta o contexto en que tivo lugar, non pode considerarse como imprescindible para a salvagarda do interese xeral para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos, e non pode ampararse polo tanto, no disposto no apartado cuarto da Instrución da Xunta Electoral Central 2/2011.

En consecuencia

### ACORDA

Estimar parcialmente a denuncia e declarar que D. Óscar Ponte Santiago, Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, e D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo incorreron nas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 50 da LOREX, sen



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

que, unha vez ponderadas as circunstancias concorrentes, proceda a incoación de expedientes sancionadores.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 13:00 horas do próximo día 14 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:  
[xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal](mailto:xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal)